



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Exteriores  
e coa Unión Europea



cooperacióngalega

# **PLAN ANUAL 2012 DA COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO**

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



## ÍNDICE

### 1. INTRODUCCIÓN

### 2. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA CONTRIBUCIÓN Á REDUCIÓN DA POBREZA COLABORANDO NA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DO MILENIO (ODM) E PROMOVENDO O DESENVOLVEMENTO NOS PAÍSES DO SUR

2.1. Actuacións no exterior financiadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE no marco dos diferentes instrumentos

- Convocatorias de subvencións para proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes
- Convocatoria de subvencións para programas de cooperación de ONGD
- Convocatoria de subvencións para microproxectos de cooperación de ONGD
- Convenios de cofinanciamento con entidades dedicadas á cooperación

2.2. Actuacións doutros departamentos ou organismos da Xunta de Galicia

### 3. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA MELLORA DA CALIDADE DA AXUDA INCORPORANDO DE FORMA MÁIS EFECTIVA OS PRINCIPIOS DA AXENDA DE PARÍS

3.1. Introducción de melloras nos instrumentos que canalizan as axudas para actuacións no exterior

3.2. Coordinación interadministrativa

3.3. Plan anual de avaliacións

3.4. Novidades normativas

3.5. Avaliación Intermedia do II Plan director da cooperación galega 2010- 2013.

3.6. Contratación de persoal especializado para accións de xestión, avaliación ou seguimento de proxectos

3.7. Elaboración do Ditame do Comité de Rexións europeo sobre o Aumento do Impacto da Política europea de Cooperación para o Desenvolvemento, unha axenda par ao cambio



#### **4. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA PROMOCIÓN NA SOCIEDADE GALEGA DA CONCIENCIA SOLIDARIA RESPECTO Á REALIDADE DO SUR E DA SÚA PARTICIPACIÓN EFECTIVA NA PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO**

- 4.1. Convocatoria de subvencións para proxectos de fortalecemento de ONGD
- 4.2. Convocatoria de subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento (EpD)
- 4.3. Convenios de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD e co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Fogacosol)
- 4.4. Bolsas de formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento
- 4.5. Cursos de formación
- 4.6. Colaboración coas universidades galegas
  - Apoio á formación
  - Apoio ás actuacións de sensibilización
- 4.7. Actividades divulgativas

#### **5. ACTUACIÓNS DE ACCIÓN HUMANITARIA**

#### **6. ORZAMENTOS 2012**



## **1. INTRODUCCIÓN**

O proxecto do Plan Anual da Cooperación Galega 2012 que a continuación se presenta, trata de conxugar a cobertura dos obxectivos previstos no II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013 (no cal se enmarca o Plan 2012) cuns recursos financeiros limitados polas restricións orzamentarias, pero mantendo unha aposta firme pola eficacia da xestión.

Se ben é previsible que, debido as especiais circunstancias de crise económica que obrigan a unha contención do gasto público nas diferentes partidas orzamentarias da Xunta de Galicia, non se logre acadar o obxectivo do II Plan Director da Cooperación Galega 2010-2013 (a partir de agora II PD) de “asegurar ao finalizar o período de vixencia do mesmo un incremento dos recursos de entre un 50% e un 100% con respecto aos destinados no 2009”, cos Plans anuais de 2012 e de 2013 tratarase de dar a maior cobertura posible ao resto dos obxectivos contemplados no Plan Director.

Seguirase traballando para a mellora dos niveis de coordinación da Xunta de Galicia coa Administración Xeral do Estado e coas demais CC.AA., principalmente a través da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), asumindo un papel activo nos foros e reunións de coordinación convocados pola cooperación española e buscando novas formas de colaboración.

O orzamento de partida deste Plan anual 2012 é de 6.603.683 €. Este orzamento total obtense da suma dos 6.439.683 € procedentes do orzamento previsto para o Programa Orzamentario 331-A “Cooperación Exterior”, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE., dentro dos Capítulos 1 (Gastos de Persoal), IV (Transferencias correntes), VI (Investimentos reais) e VII (Transferencias de capital) e de 164.000 € correspondentes á parte do Capítulo II (Gastos de funcionamento) que se destinará á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior dentro do outro programa orzamentario da Dirección Xeral.

Non se consideran no Plan os recursos que ao longo do ano 2012 podan destinar outros departamentos da Xunta de Galicia a actuacións que computen como Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD).



**2. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA CONTRIBUCIÓN Á REDUCIÓN DA POBREZA COLABORANDO NA CONSECUCIÓN DOS OXECTIVOS DO MILENIO (ODM) E PROMOVEDO O DESENVOLVEMENTO NOS PAÍSES DO SUR**

Neste ámbito de actuación inclúense as propostas de actuación que van ser levadas a cabo nos países en desenvolvemento destinatarios de axuda, de acordo co obxectivo último ao que se encamiñan os esforzos, que son: facer realidade os ODM, promover o desenvolvemento e loitar contra a pobreza. Defínense, polo tanto, os propósitos a conseguir nos países socios por parte dos actores do sistema galego de cooperación para o desenvolvemento, fixando os contidos e áreas onde se tratarán de concentrar os esforzos da axuda.

A delimitación das prioridades, propósitos e obxectivos neste ámbito para o ano 2012 coincide coas establecidas no II PD e, para establecer como se traballará no seu cumprimento, referirémonos: ás novidades e cambios que no ano 2011 se produciron no modo de actuar da cooperación galega no exterior a través do seus instrumentos, ás actuacións concretas que xa están programadas, ás que se prevé iniciar no ano 2012 e aos importes que se destinarán a todas elas.

O primeiro ámbito de actuación do II PD inclúe os seguintes obxectivos:

Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos
Ámbito 1:  Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento nos países do Sur	O.X. 1 Contribuír á loita contra a pobreza colaborando na consecución dos ODM	O.E. 1.1 Darlle prioridade ás actividades destinadas á satisfacción de necesidades sociais básicas
		O.E. 1.2 Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados (PMA)
		O.E. 1.3 Darlle prioridade ás accións dirixidas aos grupos especialmente vulnerables
	O.X. 2 Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable	O.E. 2.1 Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia da acción do ser humano, do cambio climático ou outras causas



Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos
		<p>O.E. 2.2 Fortalecer un tecido produtivo diversificado con especial atención tanto aos sectores nos que Galicia aporta un recoñecido valor agregado, como ás formas de organización baseadas no cooperativismo</p> <p>O.E. 2.3 Fomentar os proxectos en que se contemplan o desenvolvemento rural, pesqueiro e acuícola de base social e ambientalmente sustentable</p> <p>O.E. 3.1 Potenciar o desenvolvemento institucional e o bo goberno nos ámbitos locais e rexionais</p> <p>O.E. 3.2 Promover o respecto aos Dereitos Humanos, fortalecendo o tecido social nos países en desenvolvemento</p> <p>O.E. 4.1 Promover o empoderamento das mulleres e incorporar o enfoque de xénero no desenvolvemento a todas as propostas de actuación</p> <p>O.E. 4.2 Apoiar as políticas públicas que favorezan a igualdade e a mobilidade social</p> <p>O.E. 4.3 Defender a interculturalidade</p> <p>O.E. 5.1 Contribuír a redución de riscos fortalecendo a capacidade local para diminuír a vulnerabilidade das poboacións ante posibles catástrofes</p> <p>O.E. 5.2 Mellorar a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega nas fases de emerxencia e reconstrución</p>
	<p>O.X. 3 Promover a gobernanza democrática e o fortalecemento da participación da sociedade civil</p>	
	<p>O.X. 4 Mellorar a cohesión social, contribuíndo a unha redución das desigualdades e a un incremento da equidade de xénero</p>	
	<p>O.X. 5 Realizar unha Acción Humanitaria integral de calidade</p>	



## **2.1. Actuacións no exterior financiadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E. no marco dos diferentes instrumentos**

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E. manterá no 2012 os instrumentos utilizados no ano 2011 para canalizar os fondos destinados á axuda internacional para o desenvolvemento; é dicir, as convocatorias públicas de axudas e subvencións e os convenios de colaboración con entidades de diversa índole para o cofinanciamento de actuacións no exterior.

O conxunto das diferentes convocatorias públicas de axudas e subvencións para proxectos de cooperación no exterior continuará sendo no ano 2012 o principal medio de canalización de fondos procedentes das partidas orzamentarias de cooperación exterior.

Os convenios de cofinanciamento utilizaranse para levar a cabo accións que, debido á súa natureza ou ás características da entidade que as leva a cabo, non se adaptan ben aos marcos de actuación que se promoven a través das convocatorias públicas de subvencións.

A continuidade da situación de crise económica, que obrigou a un axuste orzamentario nas partidas dedicadas á cooperación ao desenvolvemento, volverá significar na práctica unha priorización das convocatorias públicas de axudas sobre os convenios de colaboración, tal e como demanda o sector, axudas de convocatoria pública que suporán no seu conxunto cerca do 70 % da dotación total do programa orzamentario "Cooperación Exterior".

Como non podería ser de outro xeito, a redución orzamentaria non vai afectar aos compromisos adquiridos nas resolucións das convocatorias públicas de axudas e nos convenios asinados en anos anteriores con anualidade 2012.

Nas bases reguladoras das convocatorias públicas que, como xa se vén de destacar, serán o instrumento principal de canalización da axuda galega ao desenvolvemento, introducíronse novidades que foron sometidas a consulta cos diversos axentes de cooperación, e están destinadas a favorecer o cumprimento dos obxectivos previstos no primeiro ámbito de actuación do II PD.

Así con carácter xeral, as novidades mais destacables son as seguintes:

- Como en anos anteriores, para garantir que as actuacións desenvolvidas contribúan á loita contra a pobreza e a consecución dos ODM (O.X. 1), todas as convocatorias atenderán ás prioridades xeográficas e sectoriais que reflexa o II PD 2010-2013. No ano 2012, de cara a garantir o cumprimento dos indicadores establecidos no O.E. 1.2. do II PD, na valoración dos proxectos e microproxectos equipárase a puntuación por actuacións en países prioritarios e países menos adiantados (PMA).



- En relación cos sectores de actuación, igual que en anos anteriores mantéñense as prioridades sectoriais do I e II PD. Priorízanse outorgándolles maior puntuación aos proxectos e microproxectos destinados á satisfacción de necesidades sociais básicas (O.E. 1.1), e ao fortalecemento de infraestruturas e promoción do tecido económico, concretamente en actuacións de economía social e cooperativa, ou dedicadas ao sector pesquero, acuícola e agrícola (O.E.2.2 e O.E. 2.3)
- Continuarase coa valoración das propostas tendo en conta en que medida se tomaron en consideración para o seu deseño o conxunto de prioridades transversais definidas polo II PD.
- **Convocatorias de subvencións para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e outros axentes de cooperación.**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos no exterior das ONGD e das universidades, das empresas e organizacións empresariais, dos sindicatos e das comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación.

A dotación total da convocatoria do ano 2012, é de 3.350.000 € para proxectos de cooperación de ONGD (1.005.000 € con cargo aos orzamentos de 2012 e 2.345.000 € con cargo aos de 2013) e de 1.000.000 € para proxectos de cooperación dos outros axentes (300.000 € con cargo aos orzamentos de 2012 e 700.000 € con cargo aos de 2013).

Mantense a dotación económica establecida na convocatoria do ano 2011 e varíase a porcentaxe de asignación de fondos anuais. pasando da distribución 35% e 65% das convocatorias do 2011 á distribución 30% e 70% das convocatorias de 2012.

Outras modificacións a ter en conta para os proxectos presentados por ONGD e outros axentes son:

- Entre os requisitos esixidos ás entidades solicitantes inclúese a necesidade de manter aberta como mínimo a súa sede ou delegación permanente en Galicia ata a prescrición do proxecto, en aras a un maior fortalecemento do sector e a garantir a existencia en Galicia de interlocutores cos que tratar as cuestións que xurdan ao longo de todo o período de duración do proxecto.
- Mantense o mesmo importe máximo de subvención para proxectos plurianuais presentados individualmente en 175.000 €; se establece un límite de 60.000 € para os proxectos anuais; e redúcese o importe subvencionable en caso de proxectos presentados en agrupación de 350.000 € a 225.000 €. En relación coas agrupacións límitase a importancia outorgada en anos anteriores asignando unha menor puntuación ás mesmas. Todo o anterior modifícase co fin de favorecer unha maior redistribución das axudas.





- Coa mesma finalidade redistributiva varíanse os criterios de financiamento de xeito que en principio financiarase un único proxecto individual a cada entidade e un único proxecto en agrupación, en ambos casos o de maior puntuación, e se as disponibilidades financeiras o permitisen poderase subvencionar o segundo proxecto, sempre que obteña a puntuación necesaria.
- Introdúcense coma criterios de valoración dos proxectos presentados a adecuación aos principios da Axenda de París.

No ano 2012 manteranse, como non podería ser doutro xeito, os compromisos adquiridos nas resolucións das convocatorias correspondentes ao ano 2011, segundo o disposto na Resolución do 14 de xuño de 2011 pola que se conceden subvencións para proxectos no exterior de ONGD e na Resolución do 14 de xuño de 2011 pola que se conceden subvencións para proxectos no exterior de outros axentes, de acordo coa seguinte distribución:

- Proxectos no exterior de ONGD: 1.177.974,50€, para o ano 2012, distribuídos en 10 proxectos: 3 en Nicaragua, 2 en Perú dos cales un deles ten actuación tamén en Ecuador, 2 República Dominicana, un dos cales con actuacións tamén en Haití, e 1 No Salvador, Honduras e Bolivia, respectivamente.
  - Proxectos no exterior de outros axentes: 365.839,5€, para o ano 2012, distribuídos en 4 proxectos: 1 en Perú, 1 en Mozambique, 1 en República Dominicana e 1 en Arxentina.
- **Convocatoria de subvencións para programas de cooperación de ONGD**

O obxecto destas axudas é a execución de programas de cooperación no exterior das organizacións non gobernamentais.

Os programas son unha ferramenta de longo percorrido que contribúe á consolidación de procesos de desenvolvemento a medio prazo. Están encamiñados a apoiar procesos de transformación integrais nos países en vías de desenvolvemento, contribuíndo dun xeito efectivo á loita contra a pobreza mediante a promoción dun desenvolvemento socioeconómico e cultural sostible.

Dado que as limitacións orzamentarias impedirían unha axeitada dotación da convocatoria, de programas, no ano 2012 non se prevé publicala.

Non obstante, cumpriranse tamén cos compromisos adquiridos na resolución da convocatoria do ano 2009, segundo o disposto na resolución do 1 de outubro de 2009 do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polas que se conceden subvencións para programas no exterior de ONGD, de acordo coa seguinte distribución:



- Convocatoria ano 2009: 359.049,92€ para o ano 2012, distribuídos en 4 programas en Nicaragua, Honduras, Bolivia e Mauritania.

- **Convocatoria de subvencións para microproxectos de cooperación de ONGD**

O obxecto destas axudas é a execución de microproxectos no exterior das organizacións non gobernamentais.

Esta convocatoria concíbese como un instrumento dirixido a ONGD con pouca experiencia na xestión de proxectos, e que polo tanto contan con escasas oportunidades de lograr financiamento a través da convocatoria ordinaria de proxectos, en competencia con entidades máis expertas.

Coas axudas aos microproxectos apóiase o traballo das ONGD nos países en desenvolvemento a través de intervencións de menor envergadura que os proxectos, pero encamiñadas do mesmo xeito á mellora das condicións de vida das súas poboacións.

A dotación para o ano 2012 desta convocatoria será de 175.000€, manténdose a mesma dotación que na convocatoria 2011.

No deseño da convocatoria deste ano 2012 aplicaranse todas as novidades xerais ás que se fai referencia neste Plan.

- **Convenios de cofinanciamento con entidades dedicadas á cooperación**

Os convenios de colaboración son acordos de cofinanciamento de actuacións entre a Xunta de Galicia e os axentes de cooperación para levar a cabo actuacións en calquera ámbito de desenvolvemento.

Os convenios cumpren un papel importante, por canto permiten levar a cabo accións que, debido á súa natureza ou ás características da entidade que as vai levar a cabo, non se adaptan ben aos marcos de actuación que se promoven a través de convocatorias públicas de subvencións.

No 2012, ao igual que en anos anteriores reservárase a súa utilización para os seguintes casos:

- En primeiro lugar, cando a urxencia e excepcionalidade das circunstancias non permitan apelar aos procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria.
- En segundo lugar, cando se definan accións cun alcance temporal medio e longo que requiran un marco de actuación previamente establecido.



- En terceiro lugar, sempre que se deban convir accións conxuntas con entidades que pola súa natureza non poidan acollerse ás vías normalizadas de acceso a recursos públicos mediante convocatorias, como é o caso das entidades do Sur.

No caso de que a Xunta de Galicia considere necesario promover algunha actuación que non poida ser financiada mediante as convocatorias ordinarias de axudas ás diferentes actuacións de cooperación, acudirase a este instrumento de financiamento.

Asinaranse, polo tanto, os convenios necesarios para o desenvolvemento de actividades, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

A través da sinatura de convenios coas diferentes organizacións participantes, asegurárase a correcta finalización da iniciativa de desenvolvemento integral (IDI) que dende o ano 2008 están en marcha en Guatemala (a Iniciativa de Desenvolvemento Integral Oxlajuj Tz'ikin Champerico-Retalhuleu); unha vez rematada, no ano 2011, a IDI que estaba en marcha na República Dominicana (a Iniciativa de Desenvolvemento Integral de mellora do barrio de Santa Lucía).

Darase igualmente continuidade no 2012 ao apoio ao sector da pesca artesanal en Centroamérica a través dun convenio asinado coa Fundación Cetmar para a execución do Programa integral para o desenvolvemento profesional e produtivo da pesca de pequena escala e acuicultura rural en Centroamérica, continuidade do Programa de formación de pescadores artesanais en Centroamérica (Profopac III). No sector pesqueiro e acuícola financiaranse tamén intervencións en Perú e Mozambique, coa mesma entidade como socia.

Para o ano 2012 preténdese igualmente continuar co apoio outorgado á poboación Saharauí que dende o 2009 é unha constante na nosa planificación.

Cabe destacar finalmente, que é este apartado, no que ten cabida a cooperación directa, o que continuará sendo o máis afectado polos recortes orzamentarios. É dicir, a aposta por manter os recursos que se destinarán as convocatorias públicas de axudas e subvención, suporá unha importante limitación á hora de por en marcha novas liñas de actuación no exterior en colaboración con entidades públicas ou privadas, galegas ou locais.

## **2.2. Actuacións doutros departamentos ou organismos da Xunta de Galicia**

Ademais das actuacións promovidas polo departamento competente en materia de cooperación exterior, outros departamentos ou organismos da Xunta de Galicia achegarán recursos orzamentarios e coñecementos técnicos a través de actuacións no eido da cooperación para o desenvolvemento, en coordinación coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Os aportes que se fagan para a financiamento destas actuacións non están considerados no orzamento de partida desta Dirección Xeral de



Relacións Exteriores e coa UE, se non que serán considerados unha vez se vaian producindo.

Cabe destacar as actuacións que neste ámbito desenvolven:

- **Consellería do Medio Rural e do Mar**

Un dos ámbitos nos que se dan as mellores condicións para que Galicia realice una cooperación transformadora pola súa especialización é o da pesca e da acuicultura.

Polo tanto, a Consellería do Medio Rural e do Mar, a través da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (Cetmar), continuará neste ano a colaborar en proxectos no eido da cooperación para o desenvolvemento, ben con financiamento da Xunta de Galicia, da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) ou de calquera outra organización internacional, achegando os coñecementos técnicos do seu persoal especializado en cooperación en materia pesqueira ou acuícola.. Como países de intervención podemos destacar: Perú, Mozambique, Namibia, Cabo Verde ou os países centroamericanos, entre outros.

- **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**

Froito da colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do Organismo Autónomo Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E., en outubro de 2010 presentouse ante Comisión Europea en outubro unha proposta para levar a cabo o proxecto titulado “Creación e reforzo de capacidades do Ara-Norte para a planificación e xestión dos recursos hídricos nas concas internas de Cabo Delgado, Mozambique”. En agosto de 2011, dito proxecto foi aprobado pola Comisión Europea.

O proxecto, que se iniciará a principios do 2012, e se executará ata 2014, recibirá un financiamento comunitario de 393.980 euros, procedentes do Fondo Europeo para o Desenvolvemento (FED).

As actuacións que se desenvolverán no marco realizaranse baixo a modalidade de traballos en asociación ou asociacións entre entidades responsables da xestión dos recursos hídricos do Norte e do Sur para a transferencia de coñecementos.

Augas de Galicia, como entidade do Norte, será líder da asociación e transferirá coñecementos ao seu homólogo mozambiqueño na Rexión Norte do país. O papel da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ten sido o de impulsor da iniciativa e ten previsto actuar tamén coma cofinanciador, cunha achega de 138.000 €. Ademais, tamén intervirán, como socios de apoio, a Universidade de A Coruña (a través do Grupo de Enxeñería do Auga e do Medio Ambiente-GEAMA-), a Universidade Politécnica de Cataluña (a través do GRECDH: Grup de Recerca en Cooperació i Desenvolupament Humà) e a consultora ambiental Amphos 21.



- **Consellería de Sanidade**

É previsible que ao longo do ano 2012, se as disponibilidades financeiras así o permiten, a Consellería de Sanidade asine convenios de colaboración con ONGD galegas para a prestación de asistencia sanitaria a menores de terceiros países participantes en programas vacacionais, que poderán ser cuantificados a finais de ano.

- **Consellería de Cultura e Turismo. Centro Superior de Hostelería de Galicia**

O Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG), institución dedicada á formación en materia hoteleira e turística, que aproveita o seu coñecemento para asesorar a empresas e administración., dependente da Secretaría Xeral de Turismo da Xunta de Galicia, vén realizando actuacións de cooperación técnica ao desenvolvemento con financiamento da Xunta de Galicia e da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) para organización de cursos para directivos e técnicos turísticos de países do sueste asiático que se forman en Galicia e levan esta experiencia aos seus países de orixe.

No ano 2012, este centro continuará colaborando na posta en marcha de centros de formación en materia turística, así como na transferencia de coñecementos nesa materia en proxectos que se desenvolverán en diversas áreas xeográficas.

**3. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA MELLORA DA CALIDADE DA AXUDA INCORPORANDO DE FORMA MÁIS EFECTIVA OS PRINCIPIOS DA AXENDA DE PARÍS**

Neste ámbito inclúense todas as propostas destinadas a mellorar a calidade e eficacia da política galega de cooperación, establecendo os criterios para a súa mellor xestión e instrumentación.. Este ámbito trata de crear as condicións, dende o punto de vista das políticas e instrumentos, para que a cooperación despreque o maior potencial transformador posible nos países en desenvolvemento.

A delimitación das prioridades, propósitos e obxectivos neste ámbito para o ano 2012 coincide coas establecidas no II PD, e para establecer como se traballará no seu cumprimento, referirémonos, por unha banda, e como no caso do ámbito 1, ás novidades e cambios introducidas nos instrumentos de cooperación para dotalos de maior funcionalidade, e por outra, ás actuacións máis concretas que se teñen pensado desenvolver.

O ámbito 2 do II PD inclúe os seguintes obxectivos:

Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos
<b>Ámbito 2:</b>  Mellora da calidade da Axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París	O.X. 6 Lograr unha maior previsibilidade a medio prazo dos recursos e marcos de actuación	O.E. 6.1 Seguir unha programación que permita asegurar ao finalizar o período de vixencia do II PD cun incremento dos recursos de entre o 50% e o 100% con respecto aos recursos dedicados en 2009
		O.E. 6.2 Incrementar os fondos dirixidos a accións con marcos de planificación plurianuais
	O.X. 7 Manter un adecuado grao de concentración dos fondos	O.E. 7.1 Limitar o número de países prioritarios e concentrar neles como mínimo o 80% dos recursos
		O.E. 7.2 Lograr un nivel de concentración dos recursos nos diferentes sectores de acordo ao establecido nas prioridades sectoriais
	O.X. 8 Mellorar a planificación e a xestión das intervencións	O.E. 8.1 Avanzar na priorización de rexións xeográficas e sectores de actuación dentro de cada país



Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos
		O.E. 8.2 Mellorar a capacidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para liderar de forma efectiva unha Acción Humanitaria galega de calidade
		O.E. 8.3 Mellorar a funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda, e a súa adecuación aos tipos de actuación aos que van destinados
		O.E. 8.4 Fortalecer a capacidade da Xunta para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade
	O.X. 9 Incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da cooperación galega	O.E. 9.1 Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación
		O.E. 9.2 Mellorar a actividade avaliadora
	O.X. 10 Mellorar os niveis de coordinación coa cooperación española e co resto das cooperación autónomas e iniciar unha gradual presenza da cooperación galega na acción multilateral	O.E. 10.1 Aproveitar as oportunidades que ofrece a conferencia sectorial para lograr un maior aliñamento e coordinación
		O.E. 10.2 Promover iniciativas de coordinación con outros sistemas de cooperación, con especial referencia ás CCAA
		O.E. 10.3 Promover de forma gradual a presenza da cooperación galega na acción multilateral

**3.1. Introdución de melloras nos instrumentos que canalizan as axudas para actuacións no exterior**

Con carácter xeral, e na procura do cumprimento dos obxectivos previstos no II PD, para o ano 2012 introdúcense cambios nos instrumentos da cooperación galega que melloran





a súa calidade, contando coa colaboración dos axentes de cooperación para a súa definición. As novidades mais destacadas son:

- Co fin de mellorar a planificación e xestión das intervencións (O.X.8) e a súa funcionalidade (O.E. 8.3) variase a forma de convocar as subvencións, de maneira que haberá unha orde para as convocatorias de proxectos e microproxectos no exterior e outra para proxectos de educación para o desenvolvemento e para proxectos de consolidación e fortalecemento.
- En resposta a unha constante solicitude feita dende o sector en Galicia, para poder concorrer nestas convocatorias é necesario que as entidades solicitantes conten con 1 ano de antigüidade de inscrición no Rexistro de Axentes, a contar dende a data de publicación das bases.
- Co fin de contribuír ao cumprimento do O.X. 7 mantendo un adecuado grao de concentración dos fondos e priorizaranse dentro de cada país, aquelas zonas ou rexións nas que a Xunta de Galicia financia o ten financiado máis intervencións, e tenderase, como xa se comentou un maior nivel de concentración dos recursos nos sectores priorizados (O.E. 7.2).
- Defínense de maneira mais clara e concreta os gastos que poden imputarse aos proxectos, eliminando ademais moitas das limitacións porcentuais e monetarias que se establecían por partidas, aumentando a porcentaxe de gastos de funcionamento e regulando por vez primeira as achegas permitidas, mellorando así a funcionalidade dos instrumentos de canalización de axuda (O.E.8.3)
- Para mellorar a funcionalidade da xustificación económica, as convocatorias recollen diferentes modalidades de contas xustificativas: simplificada para os microproxectos; con aportación de xustificantes de gastos, no caso de subvencións por importe igual o inferior a 50.000€, exceptuando os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro; e conta xustificativa con entrega de informe de auditor, obrigatoria para subvencións por importe superior a 50.000€ e para os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro, e opcional no caso de subvencións por importe igual o inferior a 50.000€.

### **3.2. Coordinación interadministrativa**

O II PD indica que cómpre avanzar na mellora das capacidades da Xunta para exercer un papel de liderado na articulación dunha cooperación galega de calidade e lograr unha maior coordinación en dous espazos diferentes: o interno ou galego e o externo.

Polo que respecta ao ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE continuará traballando para fortalecer a capacidade da Xunta de Galicia para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade (O.E. 8.4), tanto no seo da Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento como na comunicación permanente coas secretarías xerais técnicas dos outros departamentos da Xunta, na coordinación das accións no eido da cooperación exterior.





Consellerías como a do Medio Rural e do Mar, Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ou Educación e Ordenación Universitaria poden prestar unha importante colaboración técnica naqueles proxectos que na súa formulación ou execución necesiten un asesoramento sectorial especializado.

En concreto tense previsto abrir un espazo de coordinación coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que inclúa no Plan de Formación Docente que está a elaborar, aspectos que garantan a presenza dunha educación para o desenvolvemento de calidade nas aulas.

Afondarase tamén nas actuacións iniciadas no ano 2010 para aproveitar as posibilidades de financiamento ofertadas pola Unión Europea en proxectos conxuntos no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, tal e como se fixo coa presentación dun proxecto de colaboración entre Augas de Galicia e a Dirección Xeral de relacións Exteriores e coa U.E. en materia de auga para Mozambique.

A nivel local, participárase nas xuntanzas dos órganos de cooperación dos distintos concellos dos que forme parte a dirección xeral, e colaborárase como cada ano no premio de Cooperación Urbana convocado polo Consorcio da Cidade de Santiago (O.X. 10).

Por outra banda, seguirase traballando para a mellora dos niveis de coordinación da Xunta de Galicia coa AECID e con outras CCAA (O.X. 10), asumindo un papel activo nos foros e reunións de coordinación convocados tanto pola cooperación española como polas cooperación descentralizadas.

Principalmente este ano, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza participará de forma activa na Conferencia Sectorial de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, constituída o 28 de outubro de 2009, (O.E. 10.1) así como na elaboración dos marcos de asociación dos países prioritarios para a Cooperación Galega (O.X. 6 e O.X. 8)

### **3.3. Plan anual de avaliacións**

Un dos obxectivos do II PD é incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega (O.X. 9), ao que se pretende contribuír mellorando a actividade avaliadora (O.E. 9.2).

As avaliacións son necesarias por un dobre motivo:

- En primeiro lugar, é un elemento imprescindible para que a política de axuda teña progresivamente unha maior calidade e capacidade de impacto.
- En segundo lugar, porque a política de cooperación lévase a cabo con fondos públicos, e é esixible polo tanto un exercicio de rendición de contas.



Incidindo nesta necesidade avaliadora, no ano 2012 vanse realizar as seguintes avaliacións:

- Avaliación final das intervencións financiadas en Honduras e O Salvador dende o ano 2007.

En cumprimento do OE. 8.1 e como parte do proceso avaliador aproveitarase para avanzar na priorización de rexións xeográficas e sectores de actuación dentro de cada un dos países obxecto de avaliación.

### **3.4. Novidades normativas**

Dando cumprimento á previsión recollida no II PD de facilitar a participación dos empregados e empregadas da Administración pública galega en iniciativas de cooperación para o desenvolvemento e axuda humanitaria, no ano 2011 a Dirección Xeral da Función Pública iniciou a elaboración dunha nova normativa do emprego público, que se aprobará previsiblemente no ano 2012, e que conterà unha regulación específica para a concesión de permisos e licencias para que os ditos empregados e empregadas poidan desempeñar no terreo iniciativas en proxectos de desenvolvemento e de acción humanitaria e de emerxencia. Coa entrada en vigor desta norma contribuirase ao cumprimento do O.E 8.4.

Por outra banda espérase que no ano 2012 sexa xa de aplicación o Decreto que vai regular de forma específica as axudas no ámbito da cooperación internacional, cuxa elaboración foi froito da colaboración establecida no 2011 entre a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e da Unión Europea e a Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia

### **3.5. Informe de seguimento do II Plan director da cooperación galega 2010- 2013**

Dando cumprimento ao O.E. 9.2 do II PD no ano 2012 realizarase o informe de seguimento de medio termo sobre a aplicación do II PD, informe do que se dará conta no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

### **3.6. Contratación de persoal especializado para accións de xestión, avaliación ou seguimento de proxectos.**

En aras de conseguir unha mellor calidade da planificación e da xestión das intervencións (O.X 8), de incrementar o grao de transparencia da cooperación galega (O.X. 9) así como de contribuír ao fortalecemento do sistema galego de cooperación, durante o ano 2012 recorrerase á contratación de empresas ou persoal técnico experto en determinados ámbitos para realización de servizos tales como:

- Avaliación ex-ante dos proxectos que se presenten ás convocatorias.



- Avaliación ex-post dos proxectos que desde o ano 2007 recibiron financiamento da Cooperación Galega en Honduras e O Salvador.
- Coordinación e seguimento de intervencións sobre o terreo: para asegurar a adecuada coordinación das iniciativa integral de desenvolvemento que se desenvolve en Guatemala, manterase a presenza sobre o terreo dunha experta en cooperación co fin de asegurar a boa marcha e correcta finalización de todas as intervencións.
- Coordinación e seguimento de intervencións, especialmente no eido da acción humanitaria, na Dirección Xeral.

### **3.6. Elaboración do Ditame do Comité de Rexións europeo sobre o Incremento do Impacto da Política europea de Cooperación para o Desenvolvemento; unha axenda para o cambio**

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE foi nomeado relator do ditame do Comité de Rexións europeo (CdR) sobre a Comunicación da Comisión europea acerca do “Incremento do Impacto da Política de Desenvolvemento da UE: Programa para o cambio” na última reunión da Comisión de Cidadanía, Gobernanza, e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) da citada institución comunitaria, celebrada o pasado 17 de outubro.

Esta Comunicación, dada a coñecer recentemente pola Comisión Europea, avoga pola elaboración dunha *Axenda para o Cambio* que permita contar cunha política de alto impacto da axuda mais aló do ano 2015 e acelerar o proceso de redución da pobreza.

A Comunicación busca, por tanto, favorecer un debate sobre como a Unión Europea pode incrementar o impacto das políticas de desenvolvemento desde a Unión para acadar os ODM. De modo máis concreto, o documento publicado pola Comisión busca respostas a unha serie de preguntas que tocan temas como a redución da pobreza nun mundo cambiante, dereitos humanos, democracia e outros elementos claves sobre a boa gobernanza, acción coordinada da UE ou mellorar a coherencia de políticas.

O ditame galego foi aprobado por unanimidade na reunión da Comisión de Cidadanía, Gobernanza, e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) celebrada en Bruxelas o 1 de decembro de 2011 e se presentará para aprobación do pleno do Comité das Rexións en febreiro de 2012,

A través deste ditame pretendemos que se contemple dunha forma máis central e diferenciada o papel das ERL na política de desenvolvemento da UE, tanto pola súa experiencia política en aspectos como a descentralización de competencias, o fortalecemento institucional ou a gobernanza local, como polo importante valor engadido que poden aportar a terceiros países en sectores estratéxicos como a



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Exteriores  
e coa Unión Europea



cooperacióngalega

agricultura, a pesca e a acuicultura, que resultan de gran importancia á hora de abordar o problema da seguridade alimentaria.

Coa elaboración deste ditame, o segundo que elabora Galicia en dous anos, contribúese a fortalecer a capacidade da Xunta de Galicia para exercer un papel de liderado, dinamización e articulación entre institucións, que aumente a calidade da nosa cooperación, consonte se establece no O.E 8.4 no II PD.

**4. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA PROMOCIÓN NA SOCIEDADE GALEGA DA  
CONCIENCIA SOLIDARIA RESPECTO Á REALIDADE DO SUR E DA SÚA  
PARTICIPACIÓN EFECTIVA NA PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO**

Inclúense neste terceiro ámbito todas as accións destinadas a lograr que a sociedade galega sustente firmemente a política de cooperación para o desenvolvemento e sexa partícipe dela. Sen dúbida é esta a base de todo esforzo en materia de cooperación, cuxo fin último é promover as condicións axeitadas para que toda a cidadanía poida realizar unha contribución útil ao esforzo común para a promoción do desenvolvemento, canalizándose as súas potencialidades da forma máis efectiva posible.

A delimitación das prioridades, propósitos e obxectivos neste ámbito para o ano 2011 coincide coas establecidas no II PD, e para establecer como se traballará no seu cumprimento, referirémonos, dunha banda ás novidades e cambios que se introduciron no ano 2010 nos instrumentos de cooperación para dotalos de maior funcionalidade; e doutra ás actuacións máis concretas que se teñen pensado desenvolver.

O ámbito 3 do II PD inclúe os seguintes obxectivos:

Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos
Ámbito 3:  Promoción na sociedade galega da conciencia e o coñecemento sobre a realidade do Sur	O.X. 11 Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar una contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento.	O.E. 11.1 Fortalecer aos axentes da cooperación galega para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación
		O.E. 11.2 Incrementar a coordinación entre os actores da cooperación galega
	O.X. 12 Realizar unha política activa e integral de Educación para o desenvolvemento da sociedade galega	O.E. 12.1 Estender a Educación para o Desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados
		O.E. 12.2 Fomentar o Comercio Xusto e o Consumo Responsable



Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos
	O.X. 13 Incrementar o apoio á investigación e formación no sector da cooperación	O.E. 13.1 Promover a transferencia de coñecemento aos países do Sur
		O.E. 13.2 Fomentar a investigación e a formación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación
		O.E. 13.3 Promover as complementariedades entre os centros de investigación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación

#### **4.1. Convocatoria de subvencións para proxectos de fortalecemento de ONGD**

Segundo o establecido na lei galega de cooperación, o II PD recolle como obxectivo específico o fortalecemento dos axentes de cooperación para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación (O.E. 11.1).

A convocatoria pública de axudas e subvencións para fortalecemento de ONGD continuará sendo no ano 2012 a forma máis importante de canalización de fondos para este fin na cooperación galega, pioneira entre a cooperación descentralizada na creación dunha convocatoria deste tipo.

Durante o ano 2011 en cumprimento do O.E.11.1 do IIPD, levouse a cabo unha avaliación desta convocatoria, realizada de forma participativa, e cuxos resultados tiveronse en conta para a reformulación e mellora da mesma.

Como resultado da avaliación realizada concreouse o obxecto destas axudas para a consolidación e fortalecemento de ONGD, coa convocatoria se espera, dunha banda mellorar a capacidade de xestión das áreas internas da organización, (de maneira que se poda completar en Galicia o máximo de fases do ciclo do proxecto); e doutra mellorar a xestión da base social da organización en Galicia.

Outras modificacións de importancia introducidas despois da avaliación e da consulta aos axentes son:

- Eliminación das diferenzas no acceso ao financiamento segundo as entidades teñan o seu domicilio social ou delegación permanente na comunidade autónoma galega.
- Elimínase tamén o límite temporal de catro anos para poder acceder á convocatoria, entendendo que o fortalecemento e mellora de capacidades ten que ser continuo e non limitado no tempo.



- Necesidade de contar cun ano de antigüidade de inscrición no rexistro, a contar dende a data de publicación das bases, para poder acceder a subvención.
- Limitátese a 25.000 € a contía da subvención concedida para proxectos presentados individualmente e posibilitátese a presentación de proxectos por varias entidades, establecendo para estes casos un límite na subvención concedida de 35.000 €.
- Defínense de maneira mais clara e concreta os gastos que poden imputarse aos proxectos, eliminando ademais moitas das limitacións porcentuais e monetarias que se establecían por partidas, e regulando por vez primeira as achegas e aportacións permitidas, mellorando así a funcionalidade dos instrumentos de canalización de axuda (O.E.8.3)
- Para mellorar a funcionalidade da xustificación económica esta farase mediante a forma de xustificación simplificada.

A dotación total da convocatoria do ano 2012, igual que no ano anterior é de 250.000 euros (87.500€ con cargo aos orzamentos de 2012 e 162.500€ con cargo aos de 2013), é dicir, mantense a mesma dotación que a convocatoria do ano 2011.

Ademais, cumpriranse, como non podería ser doutra maneira, os compromisos adquiridos na resolución da convocatoria correspondente ao ano 2011 do 14 de xuño, pola que se conceden subvencións para proxectos de fortalecemento de ONGD, por un importe de 58.947€ para o ano 2012.

#### **4.2. Convocatoria de subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento (EpD)**

Tamén seguindo o establecido na lei galega de cooperación, o II PD recolle como obxectivo xeral a realización dunha política activa e integral de Educación para o Desenvolvemento, por tratarse dunha dimensión de actuación imprescindible en todo esforzo de cooperación realizada desde as sociedades dos países do Norte (O.X. 12).

Os esforzos neste ámbito encamiñanse cara á construción dunha cidadanía comprometida de maneira continuada coa erradicación da pobreza e co desenvolvemento humano sostible. Para iso, debe existir un proceso educativo, sensibilizador e formativo, que permita á sociedade ser consciente das diversas realidades coexistentes no mundo, e involucrarse nos procesos de desenvolvemento dos países menos favorecidos e na súa loita contra as causas da pobreza.

Neste ano 2012 introdúcense modificacións nas bases da convocatoria cunha aposta máis ampla que permita desenvolver unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento, que inclúan os seguintes aspectos:

- Sensibilización, que fai referencia á concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.





- Formación sobre o desenvolvemento, que fai referencia á difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- Investigación sobre o desenvolvemento, que fai referencia ao fomento da investigación sobre as causas do subdesenvolvemento co fin de fortalecer e abrir novas vías de cooperación.
- Mobilización social, que fai referencia á potenciación dos axentes de cooperación para o desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

As modificacións introducidas de acordo cos axentes son as seguintes:

- Necesidade de contar cun ano de antigüidade de inscrición no rexistro, a contar dende a data de publicación das bases, para poder acceder a subvención.
- A contía da subvención concedida para proxectos presentados individualmente continuará sendo de 25.000€ e no caso de proxectos presentados por varias entidades, establécese un límite na subvención concedida de 35.000 €.
- Defínense de maneira mais clara e concreta os gastos que poden imputarse aos proxectos, eliminando ademais moitas das limitacións porcentuais e monetarias que se establecían por partidas, incrementando de 50% a 70% do orzamento total do proxecto, a contía imputada a gastos de persoal, e regulando por vez primeira as achegas e aportacións permitidas, mellorando así a funcionalidade dos instrumentos de canalización de axuda (O.E.8.3).
- Coa finalidade de redistribución dos fondos ante circunstancias tan excepciónais como as que se están vivindo, varíanse os criterios de financiamento de xeito que en principio financiarase un único proxecto individual a cada entidade e un único proxecto en agrupación, en ambos casos o de maior puntuación, e se as disponibilidades financeiras o permitisen poderase subvencionar o segundo proxecto, sempre que obteña a puntuación necesaria.
- Para mellorar a funcionalidade da xustificación económica esta farase mediante a forma de xustificación simplificada.

A dotación total da convocatoria do ano 2012 é de 400.000 euros (140.000€ con cargo aos orzamentos de 2012 e 260.000€ con cargo aos de 2013), é dicir, mantense a mesma dotación que a convocatoria do ano 2011.

Asumiranse, tamén neste caso, cos compromisos adquiridos nas resolucións das convocatorias correspondentes ao ano 2011, segundo o disposto na Resolución do 14 de xuño de 2011, pola que se conceden subvencións para proxectos de sensibilización de ONGD por un importe de 209.871€ para o ano 2012.





#### **4.3. Convenios de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD e co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Fogacosol)**

Ademais do fortalecemento específico das ONGD como actores destacados da cooperación galega, continuarase co apoio financeiro ás actuacións que nese ámbito se promovan dende a Coordinadora Galega de ONGD, polo seu papel como representante dunha gran maioría do sector que permite facilitar a coordinación entre os distintos actores e a articulación de iniciativas conxuntas; e dende o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, polo seu papel de interlocutor recoñecido como representante da cooperación da Administración local en Galicia.

Nos orzamentos do 2012, coma no 2011 atendendo a unha demanda realizada dende hai anos por estas entidades, aparece por vez primeira nos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2012, dentro do programa “Cooperación Exterior” un epígrafe nominativo específico para os convenios con cada unha das dúas entidades, e polo tanto coa súa correspondente asignación financeira.

- **Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD**

En cumprimento do obxectivo de fortalecemento do sector, asinarase un ano máis un convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD como entidade que agrupa a 48 organizacións con presenza na nosa Comunidade Autónoma e que actúa como representación delas diante das institucións, na defensa do Código de Conduta, e na formación, a sensibilización e a busca da implicación da sociedade galega na superación da pobreza na que viven millóns de persoas no mundo. Con este convenio estase contribuíndo ao incremento da coordinación entre os actores da cooperación galega (O.E. 11.2).

O obxectivo do convenio será, por unha banda, fortalecer o tecido das ONGD galegas e a propia Coordinadora, a través de diversas accións como prestar servizos de información e apoio técnico ás ONGD, asistencia a xuntanzas con organización e institucións, organización de eventos, promoción de mesas de diálogo, etc, e por outra, mellorar a promoción de actuacións en materia de educación para o desenvolvemento.

A dotación financeira para este convenio en 2012 é de 90.000€, igual que a do ano 2010 e 2011.

- **Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**

No mesmo senso que no convenio coa Coordinadora Galega de ONGD, neste ano asinarase novamente un convenio co Fogacosol como entidade plural que agrupa na actualidade a 98 concellos e ás 4 deputacións provinciais de Galicia, comprometida coa idea de cooperar en Galicia para ser máis eficaces na cooperación con terceiros países,



impulsando un maior compromiso por parte das entidades locais coa cooperación para o desenvolvemento, nun marco máis estable e permanente.

O obxectivo do convenio será, por unha banda, sensibilizar ás entidades pertencentes ao Fondo e dar a coñecer o traballo que desenvolve no ámbito da cooperación municipalista ás entidades sociais e á sociedade galega en xeral, a través de diversas accións como a realización de exposicións, representacións teatrais e de contacontos, edición dun CD con recursos didácticos, etc., e por outra banda. reforzar a rede humana e organizativa do propio Fondo a través das redes municipalistas solidarias, vacacións con traballo, xornadas anuais de cooperación, etc.

A dotación financeira para este convenio en 2012 é de 60.000€, igual que a do ano 2010 e 2011.

#### **4.4. Bolsas de formación de expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento**

Dende hai anos faise unha aposta clara para a profesionalización do sector da cooperación galega, que redunde nunha mellora da calidade da mesma, a través do financiamento das bolsas de formación de expertos en cooperación ao desenvolvemento que permiten aos beneficiarios/as completar a súa formación con estadias tanto no terreo como na sede da dirección xeral competente na materia (O.E.8.4- O.E.11.1).

Este investimento dirixido á mellora das capacidades destas persoas, ten un retorno a medio e longo prazo para todo o sistema de cooperación e reforza as relacións entre a Xunta e outras institucións a través das que se articulan estas bolsas que levan a facer máis eficaz a cooperación.

Para o ano 2012 convocaranse 12 bolsas, de carácter plurianual, para garantir que os beneficiarios desfruten dun ano completo de formación, tres das cales se desenvolverán na sede da dirección xeral en Santiago de Compostela e as nove restantes no exterior, nas oficinas técnicas de cooperación da AECID ou nas delegacións das axencias de Nacións Unidas coas que se ven colaborando nos anos anteriores (FAO e ONU MULLERES).

#### **4.5. Cursos de formación**

De acordo co O.X. 11 do II PD, e co obxecto de reforzar a base social que sustenta a política de cooperación, así como a implicación activa da cidadanía nas accións en que se concreta a devandita política, impartiranse cursos de formación na Escola Galega de Administración Pública para familiarizar ao colectivo do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia sobre aspectos de interese relacionados coa cooperación para o desenvolvemento. En concreto, dando cumprimento ao O.E. 12.2 do II PD no 2012 formarase a axentes de consumo e funcionarios/as públicos sobre compra pública ética, comercio xusto e consumo responsable.



De igual forma atenderase á formación e ampliación de capacidades en materia de cooperación para o desenvolvemento do resto de axentes da cooperación galega co fin de acadar unha participación máis efectiva daqueles actores que xa están implicados na cooperación e a incorporación de actores potenciais que, grazas a estas actividades formativas e de capacitación, poden converterse en axentes activos da promoción do desenvolvemento.

Así mesmo apoiaranse outras iniciativas dirixidas ao fortalecemento do sector que organicen as ONGD e outros axentes de cooperación.

#### **4.6. Colaboración coas universidades**

Dentro do sistema galego de cooperación, as universidades galegas teñen un gran potencial na xeración do coñecemento experto, así como unha capacidade notable para constituírse en espazos de formación, non só de saberes técnicos, senón tamén de valores cidadáns, o que as converte nun axente de cooperación fundamental de cara á consecución do obxectivo xeral de incrementar o apoio á investigación e á formación no sector da cooperación (O.X. 13).

Así pois, no ano 2012, seguirase a apoiar ás universidades galegas nos eidos da investigación, formación e sensibilización en materia de desenvolvemento e cooperación, e asinarase coas Universidades de Santiago e da Coruña dous novos convenios cunha dotación económica de 50.000€ cada un deles, cos seguintes obxectivos:

- **Apoio á formación**

Continuarase financiando as accións desenvoltas dende a Universidade de Santiago de Compostela como o “Máster en xestión da cooperación internacional e das ONGD” e dende a Universidade da Coruña, como o “Curso especializado de posgrao en cooperación internacional ao desenvolvemento e xestión de ONGD” (O.E. 13.2), entre outras actividades formativas.

- **Apoio ás actuacións de sensibilización**

Apoiaranse as actuacións, xeralmente desenvoltas dende as oficinas de cooperación e voluntariado das universidades, que actúan como centros encargados de xestionar, coordinar e potenciar os eidos do voluntariado e a cooperación ao desenvolvemento nas universidades, que se realicen co fin de ofertar unha formación de calidade a través de accións como seminarios, ciclos de conferencias ou proxectos de coñecemento da realidade coa pretensión de facer chegar ao público universitario e á sociedade galega a realidade dos países do Sur e a importancia da cooperación na construción dun mundo máis xusto (O.X. 12).



#### **4.7. Actividades divulgativas**

Tomando coma referencia o obxectivo xeral do II PD de realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE publicará o *Informe 2011 da Cooperación Galega*, que será distribuído entre as diversas institucións a nivel galego e nacional, así como aos diferentes axentes galegos de cooperación, e será publicado na web da Cooperación Galega co fin de dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que desde Galicia se leva a cabo.

Así mesmo, promoverase que a radiotelevisión pública galega sexa un vehículo transmisor dos valores e actitudes que sustentan a política de cooperación, así como das actividades nas que dita política se concreta.

Por outra banda, e como en anos anteriores, a Cooperación Galega sumarase á conmemoración de datas significativas para a cooperación internacional para o desenvolvemento, a través de publicación de declaracións institucionais, apoio de iniciativas doutros axentes, etc.



## **5. ACTUACIÓNS DE ACCIÓN HUMANITARIA**

No ano 2012, igual que no 2011 as actuacións no ámbito humanitario levaranse a cabo dende a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, dende onde se dará continuidade á mesma planificación e iniciativas postas en marcha dende o ano 2010. Así, no ámbito da acción humanitaria no ano 2012, manteranse os seguintes catro obxectivos estratéxicos de longo alcance:

- Contribuír á mellora das condicións de vida das poboacións afectadas por crises humanitarias, desastres e conflitos, garantido a preparación previa, a prevención, e os traballos de rehabilitación e reconstrución, mediante a mellora da calidade da axuda.
- Mellorar a formación e coordinación das organizacións e entidades galegas de acción humanitaria, fortalecendo desta maneira a capacidade dos axentes galegos, en claro cumprimento do establecido no O.X. 11 e especificamente no O.E. 11.1.
- Sensibilizar á poboación e ás institucións gobernamentais e non gobernamentais galegas, para que coñezan e se involucren nas accións humanitarias.

As actuacións para dar cumprimento a estes obxectivos estratéxicos durante o ano 2012 serán as seguintes:

- Publicarase unha convocatoria anual, aberta e permanente, cunha dotación mínima de 300.000 €, que fixe criterios claros de concesión de axudas, co que se aumenta a capacidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para liderar unha acción humanitaria galega de calidade tal e como se establece no O.E. 8.2.
- Xestionarase o fondo de emerxencias, dotado material e economicamente, que permite dar resposta rápida e eficaz ante emerxencias, mellorando así a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega (O.E. 5.2). Este fondo faise efectivo grazas aos acordos de colaboración establecidos coa AECID e FARMAMUNDI aos que se lles dará continuidade.
- Tras dous anos consecutivos de posta en marcha do Plan de Formación para o fortalecemento e a coordinación das organizacións no ámbito da acción humanitaria, e despois de ter efectuado unha valoración participativa do proceso levado a cabo, vese a necesidade de cambiar de estratexia para este ano 2012.

Na orixe do deseño do proceso formativo estaba a idea de outorgar formacións en terreo, fundamentalmente naqueles lugares de maior presenza galega e onde constantemente prodúcense situacións de emerxencia que afectan ao ritmo de execución dos proxectos financiados. Consideramos que o ano 2012 é un bo momento para levar a formación a terreo, concretamente aos 4 países Centroamericanos prioritarios para a cooperación galega nos cales a maioría das



organizacións participantes na formación contan con delegacións e cun traballo que ano a ano vese afectado por emerxencias. O fin último é posibilitar unha mellor e máis eficaz resposta ás emerxencias que se poidan producir, así como establecer plans de prevención e mitigacións das mesmas fundamentalmente naqueles lugares onde se executan proxectos financiados pola Xunta de Galicia.

- Tamén se espera poder coordinar con outros actores gobernamentais e non gobernamentais a posta en marcha de campañas de sensibilización á poboación en xeral.
- Como en anos anteriores e co fin de promover a presenza da cooperación galega na acción multilateral O.E. 10.3, se establecerán acordos de actuación con ACNUR e UNRWA (cos respectivos comités españois).

**6. ORZAMENTOS 2012**

Aínda que o Goberno galego, de acordo coas previsións establecidas no II PD, renova o seu compromiso de solidariedade coas persoas e os países máis desfavorecidos, os orzamentos para o ano 2012 sofren unha redución respecto aos iniciais de 2011 pero manteñen o mesmo montante finalmente executado dende a Subdirección Xeral de cooperación exterior no 2011.

No seguinte cadro aparecen reflectidas as partidas orzamentarias previstas para actuacións de cooperación para o desenvolvemento para o ano 2012 por capítulos de gasto:

<b>CAPÍTULO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>CONTÍA (€)</b>
<b>D.X. RR. EE. e coa U.E.</b>		
<b>Capítulo I</b>	<b>Gastos de persoal</b>	<b>426.864</b>
<b>Capítulo II</b>	<b>Gastos de funcionamento</b>	<b>164.000 (*)</b>
<b>Capítulo IV</b>	<b>Transferencia correntes</b>	<b>4.355.763,00</b>
	Transferencias a universidades	100.000
	Transferencias a institucións sen fins de lucro	496.318
	Actuacións de cooperación no exterior	3.470.045
	Convenio Coordinadora Galega de ONGD	90.000
	Convenio Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	60.000
	Bolsas formación en cooperación	139.400
<b>Capítulo VI</b>	<b>Investimentos reais</b>	<b>200.000</b>
<b>Capítulo VII</b>	<b>Transferencias de capital</b>	<b>1.457.056</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO D.X. RR. EE. e coa U.E.</b>		
<b>(Área de Cooperación Exterior)</b>		<b>6.603.683</b>

O importe total que se canalizará a través das diferentes convocatorias públicas de axudas representa algo máis dun 70% da dotación orzamentaria dos capítulos operacionais de gastos (IV; VI e VII).

(\*) Importe resultante do rateo do orzamento do capítulo II da dirección xeral entre as diferentes unidades que a integran.